




CANTÍS DO LIMO

Adela Leiro, Mon Daporta
Novembro 2024



Distancia: 10 km
Dificultade: media

Forman parte do litoral da Capelada/Ortegal, unha área de grande interese xeolóxico, paisaxístico botánico e faunístico. A área conta con varios tipos de protección:

LIC “Costa Ártabra”.

- Zona especial de conservación (ZEC), 31 de marzo de 2014
- Correspóndese parcialmente coa IBA 005 “Costa de Ferrolterra-Valdoviño” e a IBA 006 “Punta Candieira-Ría de Ortigueira-Estaca de Bares”, incluídas no inventario de SEO/BirdLife (1998).
- “Xeoparque Cabo Ortegal” (maio de 2023).



Cantis do Limo desde o mar.



PERCORRIDO

Xa os tiñamos vistos desde a Herbeira, e até unha vez desde o mar (hai un barco que fai viaxes desde Cariño para achegarse a esta parte da costa) mais faltábanos percorrelos e queriamos facelo, para iso preparamos o percorrido e seguindo os prognósticos do tempo agardamos o día; cando todo estivo en concordancia saímos na procura de visitar e coñecer un dos puntos emblemáticos da costa e camiñar pola beira dos cantís máis altos da Europa continental. Durante a viaxe todo ía transcorrendo segundo as previsións. Chegamos á Pedra, na entrada de Cariño, e collemos a estrada que sube aos cumes da Serra da Capelada até que, a uns 5,5 km, un pouco antes de chegar aos altos, a estrada cruza outra máis estreita, metémonos nela polo ramal da dereita e ao pouco de ir por el atopamos o **miradoiro de Lodeiro**, con panorámicas sobre a ría de Ortigueira, e máis adiante o **miradoiro do Limo**. Uns metros adiante do miradoiro do Limo hai un camiño á esquerda da estrada que é onde comezamos a camiñada. Ten un primeiro tramo en subida e logo entra no **chan do Limo**, unha zona cha e despexada pola que podemos movernos con facilidade. Cando levamos percorrido arredor de 1,5 km o camiño vaise á esquerda e case desaparece, e nós, aquí, decidimos camiñar cara ao cantil seguindo os carreiros do gando até chegarmos á beira, ao pé da mina romana. O resto do camiño que pensamos facer de aquí en diante, ate completar o itinerario circular previsto, duns 10 km, vai ser todo por carreiros do gando e, en moitos tramos, por entre os toxos. Desde a zona da mina tiramos cara ao cabo Ortegá, coa idea de ter unhas mellores vistas da costa da Vacariza e do cabo mesmo, mais cando estabamos na **Vacariza**, o que comezou sendo un día perfecto para facer a ruta -despexado, con sol, temperatura agradable e sen vento- estragouse. Unha liña branca que se vía alá no horizonte comezou a achegarse á costa e ao pouco a néboa xa gabeaba polos cantís. Neste intre, a prudencia aconsellounos que era mellor deixalo para outra ocasión polo que buscamos o camiño seguro e volvemos, co que o que ía ser unha xornada de panorámicas e monte rematou nun breve achegamento de ida e volta no que, aínda que non puidemos gozar de todo o que ofrece o espazo, ver de preto os cantís e desde un lugar diferente, acrecentou as gañas de volver para poder gozalo con tranquilidade. Tamén podemos achegarnos para facer este percorrido desde Cedeira pola estrada de Teixido mais, sen desviarnos ao Santo André, continuamos cara á Herbeira e seguimos adiante até que, xa onde a estrada se apartou da costa para baixar a Cariño, atopamos un cruzamento onde indo polo desvío da esquerda, chegamos ao miradoiro do Limo.



A altura do cantil da punta do Limo reduce a un punto o pequeno barco de pesca.





Cantís e monte do Limo desde o alto dos cantís do Cadro.



Punta e Chan do Limodo Limo desde o Alto da Vacariza.



A néboa comezando a cubrir o Cabo Ortegal.



Costa da Vacariza



Serpentinas traballadas pola erosión. A antigüidade e a composición das rochas fan desta área un Lugar de Interese Xeolóxico.

